

O PARQUE ROSALÍA · CENTENARIO DA SÚA CREACIÓN

# Orixe e construcción

1921

3

2021

## Os nomes do parque

Aínda que o nome popular foi enseguida o de **Bella Vista**, polo panorama que se divisaba desde a balcónada do Garañón, foi o 14 de abril de 1931 cando se lle deu o nome de **Alfonso XIII**. O que facía de alcalde, Luis Sánchez Arrieta, manifestou que “con motivo de las bodas de plata de la coronación de S. M. el Rey (q. d. g.), y para solemnizar tan fausto acontecimiento que el parque de recreo se le de el nombre de Alfonso XIII”, o que se acordou por unanimidade.

Pouco tempo durou a dedicatoria. Proclamada a II República o 14 de abril de 1931, dissolveuse o Concello




En 1931 o parque pasou a chamarse de Rosalía de Castro

e franceses; a beleza incomparable da vista panorámica; a súa situación inmellorable dada a pouca distancia da poboación, uns 200 metros ata o eixo da rúa do Bispo Aguirre; a facilidade do seu acceso prolongando a rúa de Ángel López, e a área total (89.165 m<sup>2</sup> segundo cálculos posteriores), facía comprender as excepcionais calidades que posuía.

As dúas partes do parque estaban separadas por un amplio paseo de 30 metros de ancho, resguardado dos temporais do Norte divisándose desde el os más fermosos panoramas da campiña galega, razón pola que adoptaba esa solución.



En 1927 o Concello acordou darlle ao parque o nome de Alfonso XIII



O nome popular do parque foi o de Bella Vista polo panorama que se divisaba

formándose unha Comisión Xestora interina e a nova Corporación acordou cambiar o nome do parque, que pasou a chamarse **Rosalía de Castro**, nome que se mantivo na ditadura de Franco.


## Un proxecto de Ramiro Sainz Martínez

O proxecto do parque, unha obra social municipal e de tanta utilidade e transcendencia xa que beneficiaba por igual ao rico e ao pobre, aos nenos e ao de maior idade, tanto ao ignorante como ao culto, foi redactado

polo **arquitecto municipal Ramiro Sainz Martínez no estilo do momento Art Decó**, continuando polo seus sucesores **Ricardo García Puig e Eloy Maquieira Fernández**, quen introduce o racionalismo na pérgola.

O lugar reunía superficies planas, onduladas e accidentadas aproveitables para obter unha pintoresca harmonía de gran efecto artístico. Aglutinando no todo a variedade e movemento do trazado inglés ás liñas xeométricas e arquitectónicas dos xardíns italianos

O acceso ao parque facíase por un dos costados da praza, por unha tripla entrada, composta por dúas laterais, abertas segundo os eixos de dous paseos, paralelos a estas avenidas, e outra central que en diagonal atravesaba o pentágono que formaba esta parte do proxecto. Completaba o trazado outro paseo en diagonal, o chamado da terraza, e dúas grandes prazas formadas nos seus encontros, dos que partían os paseos secundarios. Nunha delas instalábase o quiosco da música e na outra a fonte.



Escanéame para leerme en castellano!